



R.C. Celta de Atletismo

C.A. Femenino Celta

Pintor Colmeiro, 10 - 1º B · 36211 · Vigo · Pontevedra
www.celtaatletismo.es

REGULAMENTO

“II MEETING POPULAR EN PISTA CELTA ATLETISMO”

ARTIGO 1. Organizadores e obxectivos.

O Real Club Celta de Atletismo, Club Atletismo Femenino Celta e a Escola Celta Atletismo, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra, Abanca, os Socios Colaboradores do Grupo Celta Atletismo e a colaboración da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuices, organizarán conxuntamente o “II MEETING POPULAR EN PISTA CELTA ATLETISMO”.

Nesta segunda edición, os organizadores queren promocionar unha vez máis a competición en pista dentro do Atletismo Popular e, o mesmo tempo, darlle protagonismo o atletismo en pista en idade escolar, tanto para atletas federados como para os nenos e nenas dos centros escolares de Vigo e comarca.

ARTIGO 2. Data e instalación.

O “II MEETING POPULAR EN PISTA CELTA ATLETISMO” terá lugar o sábado 28 de maio a partir das 10:00 horas na Pista Municipal de Atletismo de Balaidos (Vigo).

ARTIGO 3. Control técnico da proba e cronometraxe.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial. Haberá cronometraxe eléctrica controlada polo comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo. Todo o reflectido no presente regulamento rexeráse polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF.

ARTIGO 4. Inscricións e entrega do dorsal.

A inscrición estará aberta a atletas federados e populares dende a categoría pre-benxamin ata veteranos. Poderán participar todos aqueles nenos e nenas de clubs e centros escolares que teñan licenza federativa, licenza escolar en vigor ou ningunha das anteriores.

A inscrición farase a través do formulario dispoñible na páxina web www.carreirasgalegas.com no enlace da competición. O prazo de inscrición finalizará o vindeiro 26 de maio ás 22:00 horas. Non se aceptarán inscricións fora de prazo.

A formalización da inscrición terá un coste de 5 € para os participantes de categoría xuvenil en adiante e dará dereito a participar na totalidade das probas do programa de competición. Para os participantes de categoría pre-benxamin ata cadete a inscrición será gratuíta.

Os dorsais recolleranse na zona de secretaría da pista o mesmo día da competición, xunto coa “bolsa do atleta, cunha hora de antelación sobre a proba na que se participe. Entregarase un único dorsal, que irá colocado na parte dianteira da camiseta”.

ARTIGO 5. Categorias de competición e programa de probas.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	PROBAS	PRAZAS
PRE-BENXAMÍN	2009 – 2010	100 m.	500
BENXAMÍN	2007 – 2008	500 m.	
ALEVÍN	2005 – 2006	500 m.	
INFANTIL	2003 – 2004	500 m.	
CADETE	2001 – 2002	600 m.	
XUVENIL	1999 – 2000	1000 e 3000 m.	600
XUNIOR	1997 – 1998	1000 e 3000 m.	
PROMESA	1994 – 1995 – 1996	1000 e 3000 m.	
SENIOR	1993 ata os 34 anos (1)	1000 e 3000 m.	
VETERÁN 1	De 35 a 54 anos	1000 e 3000 m.	
VETERÁN 2	De 55 anos en adiante	1000 e 3000 m.	

(1) Cumpridos no día da proba.

CONCELLO DE VIGO



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE GALEGO



GALICIA SAUDABLE

ABANCA



R.C. Celta de Atletismo

C.A. Femenino Celta

Pintor Colmeiro, 10 - 1º B · 36211 · Vigo · Pontevedra
www.celtaatletismo.es

ARTIGO 6. Premios.

Entregarase trofeo o 1º clasificado e medallas o 2º e 3º clasificado de cada proba e categoría (só haberá clasificacións nas carreiras). Todos os atletas de categoría pre-benxamin recibirán unha medalla conmemorativa da proba. Ademais, entregaranse outros agasallos doados polos patrocinadores da competición. A entrega de premios realizarase ao final da competición, sendo obrigatoria a presenza do atleta para recibir o premio.

ARTIGO 7. Servizos médicos e outros servizos.

A proba disporá de servizos médicos regulamentarios así como de ambulancia asistencial. Todos os atletas participantes estarán cubertos polo Seguro de Accidente Deportivo da Federación Galega de Atletismo. Os atletas participantes terán á súa disposición os vestiarios e as duchas da instalación, ademais de dispoñer dun servizo de garda roupa.

ARTIGO 8. Reclamacións.

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán colocados no taboleiro oficial da organización.

ARTIGO 9. LOPD.

Todos os atletas, ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

ARTIGO 10. Horario e programa de probas.

CARREIRAS (2)	ANO DE NACEMENTO	HORA	"¿XOGAS O ATLETISMO?" (3)
500m. INFANTIL M - H	2003 - 2004	10:00	
500m. ALEVÍN M - H	2005 - 2006	10:15	
500m. BENXAMÍN M - H	2007 - 2008	10:30	INICIO DA ACTIVIDADE
100 m. PRE-BEXAMÍN M - H	2009 - 2010	10:45	
600 m. CADETE M - H	2001 - 2002	11:00	
1000 m. XUV. ata VET. MULLERES	2000 e anteriores (4)	11:15	
1000 m. XUV. ata VET. HOMES	2000 e anteriores	11:45	
3000 m. XUV. ata VET. MULLERES	2000 e anteriores	12:00	FIN DA ACTIVIDADE
3000 m. XUV. ata VET. HOMES	2000 e anteriores	12:30	
ENTREGA DE PREMIOS		13:00	

(2) Haberá unha cámara de chamadas pola que terán que pasar todos os atletas 20 minutos antes de cada carreira.

(3) A actividade "¿Xogas o Atletismo?" destinada as categorías menores, organizarase de forma conxunta nunha actividade lúdica non competitiva.

(4) Os atletas de categoría xuvenil ata veteran, poderán inscribirse nas dúas carreiras. A cota de inscrición da dereito a participar nas dúas carreiras do programa.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así coma a xestión da licenza de día e o ranking galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 - 15008. A Coruña.

CONCELLO DE VIGO



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE GALEGO

GALICIA SAUDABLE

ABANCA



R.C. Celta de Atletismo

C.A. Femenino Celta

Pintor Colmeiro, 10 - 1º B · 36211 · Vigo · Pontevedra
www.celtaatletismo.es

EMPRESAS COLABORADORAS



CONCELLO DE VIGO



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE GALEGO



GALICIA SAUDABLE

//ABANCA

R.C. CELTA DE ATLETISMO · Número de Registro de Asociaciones Deportivas da Xunta de Galicia C-08342
C.A.FEMENINO CELTA · Número de Registro de Asociaciones Deportivas da Xunta de Galicia C-07913

E-mail: rccatletismo@hotmail.es
E-mail: cafcelta@hotmail.es